

# IIIª CARREIRA E ANDAINA “CONTRA EL CANCER” A RÚA DE VALDEORRAS 2018

O Club Atletismo Rúa en colaboración do Concello de A Rúa e a Delegación da F.G.A en Valdeorras e o control da proba do Comité Galego de xuíces en Valdeorras, organizan a IIIª **CARREIRA E ANDAINA “CONTRA EL CANCER”**, que se desenrolará o vindeiro **06 de MAIO do 2018**, en A Rúa de Valdeorras.

**PROBA OFICIAL DA F.G.A, proba con distancia non homologada.**

## CIRCUITO:

O circuíto consta de unha volta de 7.150 m. para a carreira e para a andaina, totalmente chairro. SAIDA e META estará situada na Estación de Autobuses do Concello de A Rúa.

## INSCRIPCIÓNS:

1º.- As inscricións para a carreira e andaina se realizará a través da web de CARREIRAS GALEGAS, Ata as 23.59 h. do 03 de Maio ( <http://www.carreirasgalegas.com/> )

2º.- Formas de inscricións e prezos:

<b>Carreira Absoluta</b> (populares e federados)	<b>10 €</b>	- Ata as 21:00 h. do 03/05/2018 nas Tendas Trisport en A Rúa , O Barco. - Ata as 23:59 h. do 03/05/2018 na web Carreiras Galegas ( <a href="http://www.carreirasgalegas.com/">http://www.carreirasgalegas.com/</a> ) - No mesmo día ata 1 hora antes do comezo da proba.
<b>Carreiras de Menores</b> (populares e federados)	<b>2 €</b>	
<b>Andaina</b> (maiores de 16 anos)	<b>10 €</b>	
<b>Andaina de Menores</b> (menores de 16 anos)	<b>2 €</b>	Os menores de 16 anos irán acompañados polos pais/titores (ou familiar maior de idade).

3º.- As inscricións dos cativos Prebenxamín, Sub 10, Sub 12; Sub 14 e Sub 16, faranse ata 30 minutos antes do inicio das probas.

4º.- A retirada de dorsais realizarase na secretaría habilitada para tal fin por el Club Atletismo Rúa, na estación de autobuses de A Rúa, de 09.00 h. a 10.30 h.

5º.- Co dorsal da proba terás dereito a participar no sorteo que se realizará o rematar a proba.

**Agradcese a inscrición con antelación.**

**O recadado cas inscricións será doado a “Asociación Española Contra o Cáncer”**

**Habilitarase unha FILA 0 para todo aquel que queira aportar unha doazón sen necesidade de participar.**



aecc  
Contra el Cáncer

## REGULAMENTO:

- 1º.-Tódolos participantes terán asignado un dorsal, **este irá situado no peito** e terá que ser **visible** no desenrolo da proba.
- 2º.-Faranse control de paso en varios puntos do circuío que a organización establecerá durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser descalificados.
- 3º.- As reclamacións referentes os resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de **30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados**.
- 4º.- Será motivo de **descalificación**, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais, competir co dorsal ou chip/s de outra/s persoa/s.
  - 5º.1.- Os atletas con licenza federativa tendrán que atérense o regulamento de Disciplina Deportiva en vigor.
  - 5º.2.- Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de saír acepta o presente regulamento.
  - 5º.3.- Os atletas con licenza pola FGA deberán competir ca camiseta oficial do seu club.
- 6º.- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia o inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; o lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo axeno a organización, estando estes últimos debidamente identificados.
- 7º.- A organización dispoñerá de **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servicios médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.
- 8º.- O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.
- 9º.- Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

## PREMIOS:

- Habará trofeo os 3 primeiros clasificados da Carreira Popular masculina e feminina.
- Habará trofeo para o atleta ou andarín "Mais Maior" e o "Mais Xove"
- Habará sorteo de regalos entre os participantes.

## HORARIO-CATEGORIAS e DISTANCIAS:

11.00H	ANDAINA POPULAR	7.150 M
11.30H	CARREIRA POPULAR ABSOLUTO MASC. e FEM.	7.150 M
		Dende o 2002 en diante
11.40H	SUB-16 MASC. e FEM.	2003 e 2004 2.000 M
12.20H	SUB-14 MASC. e FEM.	2005 e 2006 1.000 M
12.30H	SUB-12 MASC. e FEM.	2007 e 2008 500 M
12.40H	SUB-10 MASC. e FEM.	2009 e 2010 300 M
12.50H	PREBENXAMÍNS MASC. e FEM.	2011 e anteriores 150 M
13.30H	ENTREGA DE TROFEOS e SORTEO DE REGALOS	

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña



**aecc**  
Contra el Cáncer

ORGANIZA:




COLABORAN:



**FEDERACIÓN GALEGA  
DE  
ATLETISMO**



# 3ª Carrera y Andaina A Rúa 2018 6 de MAYO contra el Cáncer



CONCELLO DE A RÚA



DEPUTACIÓN OURENSE



DEPORTES TRI-SPORT  
especialistas en ocupación deportiva